

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

BARCELONA POESIA. SET DIES DE POESIA A LA CIUTAT 2005

Ana Romaní, Ferrín, Fernán-Vello, Rivas, Yolanda Castaño **Sete escritores galegos no programa deste ano**

A presenza galega é abundante nun festival que xa é todo un clásico da primavera barcelonesa. Os días 8, 9 e 10 de maio, do Raval ao Guinardó, poderanse escoitar os versos galegos en diferentes espazos de Barcelona.

- 08:08 02/05/2005

Sempre houbo unha presenza dos escritores galegos no seu [programa](#), o propio Rivas, que veu varias veces, Antón Reixa, Pilar Pallarés, Carlos Oroza... Mais este ano a presenza é maior, máis abundante e variada.

O domingo 8 de maio pola noite, ofrécese unha sesión dedicada integramente á poesía galega actual coa participación de X. L. Méndez Ferrín, Fernán-Vello, Tosar, Modesto Fraga e Yolanda Castaño. Ao día seguinte, o luns 9 pola mañá Ana Romaní fai un percorrido pola poesía galega que titulou *Estalactitas. Das escritas e outras voces* e pola tarde participa nunha mesa de poesía na que tamén intervirán Ana Romaní, Neus Aguado, Josefa Contijoch e Júlia Zabala. Aquí se detallan as actividades de poetas galegos. E o mércores 11, na Biblioteca do Guinardó conversa co poeta Manuel Rivas.

Actos previstos no programa de [Barcelona Poesia. Set dies de poesia a la ciutat](#) (consúltente tamén as "outras actividades")

Domingo 8 de maio de 2005 ás 22 h.

Poesía gallega actual

Coa participación de Xosé Luís Méndez Ferrín, Miguel Anxo Fernán-Vello, Luis G. Tosar, Modesto Fraga e Yolanda Castaño

Claustre de la Casa de Convalescència
c/ del Carme, 47

Luns 9 de maio de 2005 ás 11.30

Ana Romaní, [Estalactitas. Das escritas e outras voces](#)

Edifici Josep Carner, Aula 3.3, Universitat de Barcelona
c/ Aribau 2 -08007 Barcelona

Ás 19.30 h.

Táboa poética [Potser tenen un sexe les secretes lleis del ritme](#)

Coa participación de Neus Aguado (español), Josefa Contijoch (català), Ana Romaní (galego) e Júlia Zavala (catalá).

Sala Mirador do Institut d'Humanitats, CCCB
c/ Montealegre 5 -08001 Barcelona

Mércores 11 de maio de 2005 ás 20 h.

Conversem amb poetas: Manuel Rivas

Biblioteca Guinardó - Mercè Rodoreda
c/ de les Camèlies, 76-80